

ACUERDO DE PRÓRROGA AL CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE LA CONSELLERÍA DE SANIDADE, EL SERVICIO GALEGO DE SALUD Y LA COMISIÓN EUROPEA, SOBRE EL PROCEDIMIENTO DE ACCESO A LA PRESTACIÓN DE ASISTENCIA SANITARIA DEL PERSONAL AFILIADO AL RÉGIMEN COMÚN DE SEGURO DE ENFERMEDAD (RCSE) DE LA COMISIÓN EUROPEA QUE OPTA POR RECIBIRLA A TRAVÉS DEL SERVICIO GALEGO DE SALUD

#### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde formalizaron o día 15.10.2025 coa Comisión Europea (Oficina de Xestión e Liquidación de Dereitos Individuais da Comisión Europea), o instrumento convencional arriba referido, a través do cal se prorroga por un período de catro anos o convenio suscrito con data 15.10.2021, para posibilitar o acceso á atención sanitaria, a través do Sistema Público de Saúde de Galicia, aos afiliados e beneficiarios activos ou pensionistas do RCAM (Régime Común de Seguro de Enfermidade) con cobertura primaria que residan en calquera dos municipios da nosa comunidade, nas condicións e cos límites establecidos no devandito convenio.

Que o instrumento convencional ten por obxecto dar continuidade ao compromiso adquirido polas partes desde o 01.02.2012 para posibilitar o acceso á atención sanitaria, a través do Sistema Público de Saúde de Galicia aos afiliados e beneficiarios do RCAM (xestionado directamente pola Comisión Europea) en Galicia,

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela